

I. Disposicións xerais

XEFATURA DO ESTADO

13021 *LEI ORGÁNICA 6/2003, do 30 de xuño, de modificación da Lei orgánica 1/1979, do 26 de setembro, xeral penitenciaria.* («BOE» 156, do 1-7-2003.)

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban tódolos que a viren a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei orgánica.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

As persoas recluídas en centros penitenciarios gozan do dereito á educación garantido polo artigo 27 da Constitución. Non obstante, este dereito queda suxeito, tal e como recoñeceu o Tribunal Constitucional en numerosas ocasións, ás modulacions e matices derivados da situación de suxeición especial dos internos, que obriga a acata-las normas de réxime interior reguladoras dos establecementos penitenciarios.

Así mesmo, o feito de que, tamén por imperativo constitucional, as penas privativas de liberdade deban estar orientadas cara á reeducación e a reinserción social, fai quizais aínda máis relevante a necesidade de que o dereito á educación dos internos deba ter una cobertura plenamente satisfactoria coas demandas sociais e cos postulados da nosa Carta Magna.

No caso concreto do acceso ó ensino superior, o artigo 56 da Lei orgánica 1/1979, do 26 de setembro, xeral penitenciaria, atribúelle á Administración a organización das actividades educativas, culturais e profesionais.

A experiencia e a aplicación práctica desta normativa durante máis de dúas décadas aconsellan introducir algunhas modificacións concretas nela, en liña co xa establecido no artigo 124 do Regulamento penitenciario, co obxecto de precisa-las condicións e as garantías dos internos no acceso ó ensino universitario, de forma que, sobre a base das especiais circunstancias que concorren no ámbito penitenciario, se aseguren as condicións de calidade inherentes a este tipo de ensinanzas.

Artigo único. *Modificación do artigo 56 da Lei orgánica 1/1979, de 26 de setembro, xeral penitenciaria.*

Modifícase o artigo 56 da Lei orgánica 1/1979, que queda redactado como segue:

«1. A Administración organizará as actividades educativas, culturais e profesionais de acordo co

sistema oficial, de maneira que os internos poidan acadar as titulacións correspondentes.

2. Para que os internos poidan acceder ó servizo público da educación universitaria será necesario que a Administración penitenciaria subscriba, logo dos informes de ámbito educativo que se estimen pertinentes, os oportunos convenios con universidades públicas. Tales convenios garantirán que o ensino se imparte nas condicións e co rigor e a calidade inherentes a este tipo de estudos, adaptando, no que sexa preciso, a metodoloxía pedagóxica ás especiais circunstancias que concorren no ámbito penitenciario. A alteración do réxime e estrutura do ensino ou da asistencia educativa ós internos prevista nos convenios aludidos, así como calquera outra modificación, prórroga ou extensión daqueles a novas partes asinantes ou suxeitos, deberán ser autorizados pola Administración penitenciaria.

En atención á mobilidade da poboación reclusa e á natureza non presencial dos estudos ós que se refire este artigo, os convenios aludidos no parágrafo anterior subscribíranse, preferentemente, coa Universidade Nacional de Educación a Distancia. Non obstante, as administracións penitenciarias competentes poderán subscribir convenios con universidades do seu ámbito nos termos establecidos no parágrafo anterior.»

Disposición transitoria única. *Réxime dos convenios vixentes.*

Trala entrada en vigor desta lei orgánica, só producirán efectos os convenios subscritos con anterioridade a ela pola Administración penitenciaria, que, en todo caso, deberán adaptarse ó disposto nesta lei nun prazo non superior a un mes.

A Administración penitenciaria informará ós internos de tódolos requisitos necesarios para que poidan trasladar os seus expedientes académicos ás universidades coas que aquela teña subscrito un convenio axustado a esta lei e que producirán efectos a partir do curso 2003-2004.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Esta lei orgánica entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Por tanto,

Mando a tódolos españois, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei orgánica.

Madrid, 30 de xuño de 2003.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
JOSÉ MARÍA AZNAR LÓPEZ